AMPLIACIÓN CONVOCATORIA DE AXUDAS 2014-2015

PROGRAMA LEADER GALICIA 2007-2013

Aprobado en xunta directiva o día 03-06-2014

ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DO DEZA

www.gdrterrasdodeza.com

Contenido

1. TERRITORIO DE ACTUACIÓN. 5

2. PRAZO DE PRESENTACIÓN 5

3. NORMAS XERAIS 5

Artigo 1. PROXECTOS SUBVENCIONABLES 5

Artigo 2. BENEFICIARIOS 6

Artigo 3. GASTOS SUBVENCIONABLES 7

Artigo 4. GASTOS NON SUBVENCIONABLES 9

Artigo 5. RÉXIME DAS CONTRIBUCIÓNS EN ESPECIE 10

Artigo 6. EXECUCIÓN CON MEDIOS PROPIOS 11

Artigo 7. INICIO DA SUBVENCIONABILIDADE DOS GASTOS 11

4. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS 11

Artigo 8. INICIO 11

Artigo 9. ACTA DE NON INICIO 14

Artigo 10. ANÁLISE DA SOLICITUDE DE AXUDA E DA DOCUMENTACIÓN 14

Artigo 11. EMISIÓN DO INFORME DE CONTROL DE ELIXIBILIDADE (ICE) 14

Artigo 12. VERIFICACIÓN DO ICE 14

Artigo 13. SELECCIÓN E PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA XUNTA DIRECTIVA 15

Artigo 14. RESOLUCIÓN 15

Artigo 15. DESISTENCIA E RENUNCIA 16

5. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN 17

Artigo 16. MODIFICACIÓN POR CAMBIOS DE TITULARIDADE 17

Artigo 17. MODIFICACIÓN POR CAMBIOS NO PROXECTO, NO ORZAMENTO OU NO FINANCIAMENTO 17

Artigo 18. MODIFICACIÓN POR AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN 18

Artigo 19. MODIFICACIÓN POR CAMBIOS NA DISTRIBUCIÓN DAS ANUALIDADES DA RESOLUCIÓN INICIAL 18

6. PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS 18

Artigo 20. FINANCIAMENTO DOS PROXECTOS 18
Artigo 21. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS 18
Artigo 22. RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN 20
Artigo 23. RÉXIME DE PAGAMENTO 22
Artigo 24. RÉXIME SANCIONADOR 23
Artigo 25. REINTEGRO 23
Artigo 26. RÉXIME DE COMPATIBILIDADE E ACUMULACIÓN DE AXUDAS 24
Artigo 27. RÉXIME DE RECURSOS 24
Artigo 28. CONSENTIMENTOS E AUTORIZACIÓNS 25
Artigo 29. CONTROIS 25
Artigo 30. NORMATIVA DE APLICACIÓN 26
7. ACTUACIÓNS ENMARCABLES NA MEDIDA 411. *27*
DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL *27*
Artigo 31. PROXECTOS SUBVENCIONABLES 27
Artigo 32. BENEFICIARIOS 28
Artigo 33. FINANCIAMENTO 28
8. ACTUACIÓNS ENMARCABLES NA MEDIDA 412. *29*
MELLORA MEDIAOMBIENTAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA *29*
Artigo 34. TIPOLOXÍA DE PROXECTOS 29
Artigo 35. BENEFICIARIOS 30
Artigo 36. GASTOS SUBVENCIONABLES 30
Artigo 37. FINANCIAMENTO 30
9. ACTUACIÓNS ENMARCABLES NA MEDIDA 413. *31*
DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMIA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA *31*
Artigo 38. TIPOLOXÍA DE PROXECTOS 31
Artigo 39. BENEFICIARIOS 32
Artigo 40. GASTOS SUBVENCIONABLES 33
Artigo 41. FINANCIAMENTO 33
Artigo 42. PROXECTOS NON PRODUTIVOS 34
10. LIMITACIÓNS SECTORIAIS *34*
Artigo 43. Limitacións sectoriais 34

11. BAREMOS E PORCENTAXES DE AXUDA _____ *35*

Artigo 44. PROXECTOS PRODUTIVOS _____ 35

12. BAREMOS E PORCENTAXE DE AXUDA _____ *46*

Artigo 45. PROXECTOS NON PRODUTIVOS _____ 46

1. TERRITORIO DE ACTUACIÓN.

O ámbito xeográfico de actuación do ADR TERRAS DO DEZA 22 ADR Terras do Deza está conformado polos seguintes concellos: Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces.

2. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes de axuda con cargo ao programa Leader Galicia 2007-2013 xestionado pola ADR TERRAS DO DEZA iníciase o día 13 de xuño de 2014 e remata o día 31 de marzo de 2015.

3. NORMAS XERAIS

Artigo 1. PROXECTOS SUBVENCIONABLES

1. No marco deste réxime de axudas, os proxectos e actuacións subvencionables deberán contribuír a acadar algún dos obxectivos indicados a continuación:

a) Aumentar a competitividade dos sectores agrario e forestal.

b) Mellora do ambiente e o contorno rural.

c) Mellorar a calidade de vida nas zonas rurais e fomentar a diversificación da economía rural.

d) Mellorar a gobernanza das zonas rurais e promover os seus territorios.

2. Os proxectos deberán cumprir as condicións de subvencionabilidade que se especifican nas fichas de elixibilidade I, II, III, segundo a tipoloxía de proxectos e as limitacións sectoriais.

a) Proxectos enmarcables na medida 411 - Dinamización do sector agrario e forestal.

b) Proxectos enmarcables na medida 412 - Mellora ambiental e do contorno rural.

c) Proxectos enmarcables na medida 413 - Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida.

3. Con CARÁCTER XERAL, os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar localizado no ámbito territorial da ADR TERRAS DO DEZA.

b) Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e **técnica e financeiramente** para os non produtivos.

c) Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.

d) Ser finalistas, é dicir, que na data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos. Non tratarse de fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.

e) Ter carácter innovador, entendendo innovación non só como innovación tecnolóxica, senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos de cada territorio.

f) Que o **proxecto e/ou actividade** para o cal se solicita a axuda **non estea iniciado.**

Artigo 2. BENEFICIARIOS

1) No marco da estratexia de desenvolvemento formulada pola ADR TERRAS DO DEZA no seu respectivo programa de desenvolvemento rural, **poderán ter a condición de beneficiarios:**

a) As **persoas físicas ou xurídicas** de carácter privado.

b) As **entidades públicas** de carácter local ou comarcal: concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores.

c) As **comunidades de montes veciñais** en man común e as súas mancomunidades.

d) As comunidades de bens non poderán ser beneficiarias.

2) Os beneficiarios **deberán de cumprir os seguintes requisitos**:

a) **Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, e non ter débedas pendentes de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia. Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais.

b) **Non estar incurso en ningún dos supostos** previstos nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

c) **Cumprir os requisitos de peme**, nos termos regulados no anexo I do Regulamento nº (CE) 800/2008, do 8 de agosto, da Comisión, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (en diante, Regulamento xeral de exención por categorías):

1º) Empregar menos de 250 persoas.

2º) Ter un volume de negocio anual que non exceda os 50 millóns de euros ou que o balance xeral anual non exceda os 43 millóns de euros.

3º) Cumprir o criterio de autonomía nos termos previstos na lexislación vixente.

Os datos seleccionados para o **cálculo do persoal e os importes financeiros** serán os correspondentes ao **último exercicio contable pechado**, e calcularanse sobre unha base anual. Para o cálculo do persoal teranse en conta os efectivos que corresponden ao número de **unidades de traballo anual (UTA),** é dicir, ao número de persoas que traballan na empresa a tempo completo durante o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, independentemente da duración do seu traballo, ou o traballo estacional, cóntanse como fraccións de UTA.

Este requisito **exceptúase** para **as entidades públicas locais**, para os beneficiarios das axudas a proxectos non produtivos promovidos no marco das fichas de elixibilidade II e III.

Nos termos previstos na ficha de elixibilidade I, poderán ser beneficiarias, ademais das pemes, as empresas intermedias, que empregan menos de 750 persoas e/ou teñen un volume de negocios anual inferior a 200 millóns de euros.

d) **Cumprir os demais requisitos** que, en función da tipoloxía de proxectos, se especifican nas fichas de elixibilidade.

3) En todos os casos, **os membros asociados do beneficiario que** se comprometan a efectuar, en nome e por conta deste, a totalidade ou parte das actividades que fundamenten a concesión terán tamén a consideración de beneficiarios da subvención, polo que tamén deberán cumprir e acreditar os requisitos exixidos para cada tipo de beneficiario.

4) **En ningún caso** se concederán **axudas a empresas en crise**, de acordo coa definición establecida para estas no artigo 1, número 7 do Regulamento (CE) nº 800/2008 (Regulamento xeral de exención por categorías).

5) No marco das medidas amparadas no Regulamento xeral de exención por categorías, non se concederán axudas a favor de empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente logo dunha decisión previa da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Artigo 3. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Terán o carácter de gastos subvencionables os cales se especifican nas fichas de elixibilidade para cada medida.

2. Con CARÁCTER XERAL, son subvencionables:

a) Construción, adquisición e mellora de bens inmobles.

A subvencionabilidade dos edificios xa construídos e dos terreos sobre os que se asentan axustarase aos seguintes condicionantes:

1º.- Deberá achegarse un certificado dun taxador independente, acreditado como tal, cualificado ou dun organismo debidamente autorizado (cámara oficial etc) que confirme que o prezo de compra non supera o valor de mercado e que o ben se axusta á normativa que resulte de aplicación.

2º.- Que se achegue unha declaración do propietario que acredite que o ben inmoble non recibiu nos últimos 10 anos ningunha subvención nacional ou comunitaria.

3º.- Os edificios quedarán afectos ao destino previsto durante un período non inferior a 5 anos ou o tempo que exixa a normativa sectorial.

4º.- Non poderán albergar servizos administrativos de carácter público.

5º.- De se tratar da compra de edificios, o importe do investimento aplicable á adquisición non superará a porcentaxe do 100 % respecto dos gastos subvencionables.

b) Instalacións e compra de maquinaria e equipamentos, incluídos programas informáticos, ata o valor de mercado.

c) Equipamento e material non funxible.

O equipamento e a maquinaria de ocasión ou de segunda man serán subvencionables nas seguintes condicións:

1º.- Que o beneficiario teña a condición de peme.

2º.- Que se presente unha declaración do provedor sobre a orixe do ben, confirmando que non foi adquirido con axuda nacional ou comunitaria.

3º.- Que o prezo non sexa superior ao valor de mercado, nin ao custo dos bens novos similares.

4º.- Que cumpra as características técnicas necesarias, así como as normas e os criterios de aplicación.

d) Adquisición de terreos, de acordo co seguinte réxime:

1º.- Que exista unha relación directa entre a compra e os obxectivos da operación.

2º.- Que non estean edificados ou o estean con construcións que deban derrubarse como medio para o desenvolvemento e execución da actividade subvencionable.

3º.- O custo aceptado de adquisición do terreo non poderá superar o 10 % dos gastos subvencionables da operación.

4º.- Deberá achegarse un certificado dun taxador independente acreditado como tal, ou dun organismo debidamente autorizado (cámara oficial etc) que confirme que o prezo de compra non supera o valor de mercado.

e) Custos xerais, tales como gastos rexistrais e notariais, estudos técnicos, gastos de proxectos, dirección de obra, estudos de viabilidade e outros gastos de consultoría relativos aos investimentos realizados, así como adquisición e expedición de patentes e licenzas, ata o 20 % do investimento subvencionable. No caso das medidas amparadas no Regulamento xeral de exención por categorías, a subvencionabilidade dos activos inmateriais vinculados á

transferencia de tecnoloxía mediante a adquisición de dereitos de patentes, licenzas, know-how ou coñecementos técnicos non patentados, deberán cumprir as seguintes condicións:

1º.- Utilizaranse exclusivamente no establecemento beneficiario da axuda.

2º.- Considerararanse activos amortizables.

3º.- Serán adquiridos a terceiros en condicións de mercado sen que o adquirente estea en posición de exercer control sobre o vendedor ou viceversa.

f) Medios e equipamentos de transporte en proxectos de natureza produtiva, nos seguintes termos:

1º.- Adquisición de vehículos de transporte afectos en exclusiva a actividades empresariais ou profesionais, segundo se define na normativa tributaria vixente, en proxectos que dean lugar ao inicio dunha actividade económica.

2º.- Gastos derivados da adecuación de vehículos de transporte de mercadorías para o desenvolvemento da actividade, sempre que non estean obrigados a esa adecuación unha vez iniciada a actividade.

3º.- En ningún caso se subvencionará a adquisición e/ou adecuación de vehículos no sector do transporte. Para estes efectos, enténdese que operan no sector do transporte as empresas que realizan operacións de transporte por conta allea.

g) Poderán ser subvencionables os gastos en arrendamentos financeiros de adquisición de activos subvencionables, incluído, de ser o caso, o valor da opción de compra, excepto a marxe do arrendador, xuros dos custos de refinanciamento, gastos xerais ou seguros, polo período de vida útil do activo e sen superar o custo de mercado ou a parte proporcional se o contrato finaliza antes.

Soamente serán subvencionables os pagamentos aboados polo arrendatario ao arrendador dentro do período de subvencionabilidade dos gastos.

Artigo 4. GASTOS NON SUBVENCIONABLES

1. Con CARÁCTER XERAL, para todas as operacións, **NON SON SUBVENCIUONABLES**:

a) O IVE recuperable, nin o IVE soportado polos entes públicos que presten servizos sen contraprestación ou mediante contraprestación de natureza tributaria.

b) Os demais impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.

c) Os gastos de funcionamento da actividade subvencionada e material funxible en xeral, sen prexuízo do disposto con carácter particular na ficha de elixibilidade IV.

d) Os xuros debedores das contas bancarias.

e) Os gastos anteriores ao levantamento dunha acta de non inicio por parte do ADR TERRAS DO DEZA, a excepción dos gastos relativos a estudos de viabilidade dos proxectos a que van asociados e para os cales se pide a axuda, ou redacción de proxectos, ou ben anteriores á presentación da solicitude de axuda, respecto daqueles proxectos que non requiran acta de non inicio.

f) Os investimentos que se limiten á substitución dun edificio ou unha máquina existentes, ou dunha parte destes, por un edificio ou unha máquina nova e moderna, sen ampliar a capacidade de produción en mais dun 25 % ou sen introducir cambios fundamentais na natureza da produción ou da tecnoloxía correspondente.

g) As obras de mantemento das instalacións.

h) Os xuros, recargas, multas coercitivas e sancións administrativas.

i) Os gastos de procedementos xudiciais.

j) A compra de dereitos de produción agraria, animais e plantas anuais e a súa plantación en investimentos no sector agrario.

k) As partidas de gastos xerais e beneficio industrial dos proxectos, agás nos proxectos de promoción pública cando estas partidas formen parte do prezo de licitación de acordo coa normativa de contratación administrativa.

l) Quedan excluídos aqueles investimentos promovidos polas entidades locais relacionados coa prestación dos servizos enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como os servizos esenciais para os cales o artigo 86 da citada lei declara a reserva a favor das entidades locais e os de prestación mínima previstos no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

m) Os proxectos de sinalización territorial.

Artigo 5. RÉXIME DAS CONTRIBUCIÓNS EN ESPECIE

1. Poderán considerarse gasto subvencionable as contribucións dun beneficiario público ou privado, tales como a **subministración de bens ou a prestación de servizos** polos que non se efectúen pagamentos en efectivo **acreditados polas correspondentes facturas** ou documentos equivalentes, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que consistan en traballos realizados con maquinaria propia, na prestación de servizos de investigación ou profesionais, ou de man de obra voluntaria non remunerada.

b) Que non estean vinculadas ás operacións de enxeñaría financeira.

c) Que o valor das contribucións poida calcularse e auditarse por separado.

2. A valoración do custo de maquinaria calcularase con base nos custos que figuran nas bases de datos oficiais de prezos.

3. No caso de man de obra voluntaria non remunerada, o seu valor determinarase **por hora e día aboada por actividades equivalentes**, cando proceda sobre a base dun sistema de cálculo de custos estándar previamente establecido, sempre que o sistema de control ofreza garantías suficientes de que as actividades se levaron a cabo, **co límite máximo de 10 €/hora de traballo.**

4. No caso de que para a subvencionabilidade do investimento fose exixible proxecto de obra, no seu orzamento as achegas en especie deberán aparecer diferenciadas e desagregadas do resto das unidades de obra. En todos os casos deberase xuntar á solicitude de axuda informe elaborado por un técnico competente na materia en que se valoren detalladamente os custos da achega en especie, diferenciando entre man de obra, materiais e maquinaria.

5. O gasto público destinado a unha operación que inclúa contribucións en especie non poderá ser superior ao total dos gastos subvencionables, excluídas as contribucións en especie, ao final da operación.

Artigo 6. EXECUCIÓN CON MEDIOS PROPIOS

No caso de que o proxecto se vaia executar enteira ou parcialmente con medios humanos propios, o procedemento para a autorización e aprobación do gasto é igual ao descrito anteriormente para as achegas en especie, coa especificidade de que se terá en conta o seu custo salarial real.

Artigo 7. INICIO DA SUBVENCIONABILIDADE DOS GASTOS

Considéraranse **gastos subvencionables** os causados **a partir da data da Acta de Non Inicio** dos investimentos referidos no artigo 9 deste réxime de axudas ou, de ser o caso, a partir da data da presentación da solicitude de axuda, respecto daqueles investimentos que non requiran acta de non inicio.

4. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

Artigo 8. INICIO

1. O procedemento de concesión de axudas iníciase coa convocatoria pública de selección de proxectos por parte da ADR TERRAS DO DEZA.
2. A convocatoria estará vixente desde o día 13 de xuño de 2014 ata o día 31 de marzo de 2015.

3. En relación co proxecto ou actividade que pretendan realizar, os promotores deberán presentar no rexistro da ADR TERRAS DO DEZA a documentación que a continuación se relaciona:

a) **SOLICITUDE DE AXUDA** en triplicado exemplar, segundo modelo normalizado (modelo A) que estará ao dispor dos interesados na sede da ADR Terras do Deza, ubicada no Polígono Industrial Lalin 2000, rúa E s/n 36500 Lalin-Pontevedra e na páxina web: www.gdrterrasdodeza.com

b) **DOCUMENTACIÓN** (orixinal e dúas copias cotexadas do orixinal polo ADR TERRAS DO DEZA ou por notario):

1º Documentación acreditativa da personalidade do solicitante (NIF, DNI, CIF). De ser o caso, documentación acreditativa da personalidade do representante e da acreditación da representación.

2º Declaración censual tributaria (modelo 036 ou 037), ou compromiso de comunicar o inicio de actividade á AEAT cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial.

3º Tratándose de persoas xurídicas, **escritura de constitución e dos estatutos sociais**, debidamente inscritos no rexistro correspondente.

4º Documentación acreditativa do requisito de peme (ou de empresa intermedia, de ser o caso): últimas contas depositadas no rexistro correspondente e última memoria anual de actividades aprobada pola entidade, en que figure o número de persoas empregadas do último exercicio pechado, o volume de negocio e o balance anual, e informe da vida laboral da empresa emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, referido ao ano anterior ao da presentación da solicitude.

5º Declaración, en documento normalizado (**modelo B**), **doutras axudas concedidas e/ou solicitadas a outras entidades públicas e/ou privadas** para o mesmo proxecto, con referencia, de ser o caso, ás axudas de *minimis*.

6º Resumo do proxecto en documento normalizado (modelo C ou D). Se se considera conveniente, poderá achegarse unha memoria descritiva do proxecto referida á situación de partida, obxectivos perseguidos, metodoloxía de traballo, e outras explicacións necesarias para a súa comprensión, tendo en conta que esta documentación se vai tomar como referencia para valorar o cumprimento dos requisitos dos proxectos e para a súa baremación.

7º Orzamento de gastos desagregado por conceptos, con indicación, de ser o caso, daqueles que supoñan unha achega en especie ou unha execución con medios propios, segundo documento normalizado **(modelo E).**

8º Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías que determina o Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para os contratos menores (50.000 € no suposto de obra ou os 18.000 € en subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica), deberanse xuntar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de acordo cos criterios de eficacia e economía, e a elección deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. As ofertas solicitadas deben coincidir en conceptos para facilitar a comparación entre elas (modelo F). As entidades públicas de carácter local ou comarcal poderán documentar a elección da oferta máis vantaxosa xunto coa primeira solicitude de pagamento, achegando unha certificación das proposicións ou ofertas recibidas para a contratación de que se trate, xunto coa resolución ou acordo de adxudicación definitiva.

9º Para proxectos produtivos, plan de empresa que abranguerá polo menos 5 anos, coa xustificación da súa viabilidade económico-financeira, e para proxectos non produtivos, plan de xestión, segundo os documentos normalizados **(modelo C ou D).**

10º De ser o caso**, documentación acreditativa de que o IVE é efectivamente soportado polo beneficiario e non recuperable.**

11º No suposto de **investimentos en explotacións agrarias, código de explotación agraria.**

12º Certificado de empadroamento ou autorización a Agader para obtelo no caso dos proxectos acollidos á diversificación agraria.

13º Certificación da entidade financeira onde conste a identificación da conta bancaria.

14º Calquera outra documentación ou información que o interesado considere interesante para a análise do proxecto.

Artigo 9. ACTA DE NON INICIO

No prazo dos dez días seguintes ao do rexistro da solicitude, a ADR Terras do Deza realizará unha inspección *in situ*, para verificar o non inicio dos gastos ou investimentos para os cales se solicita a axuda, levantando acta para o efecto.

Artigo 10. ANÁLISE DA SOLICITUDE DE AXUDA E DA DOCUMENTACIÓN

No suposto de defectos na solicitude ou na documentación, a ADR TERRAS DO DEZA requirirá o interesado para que no prazo de 10 días corrixa a falta ou xunte os documentos preceptivos. Este prazo poderá ser ampliado prudencialmente ata 5 días, por petición do interesado ou iniciativa da ADR TERRAS DO DEZA, cando a presentación de tales documentos presente dificultades especiais.

Artigo 11. EMISIÓN DO INFORME DE CONTROL DE ELIXIBILIDADE (ICE)

1. Compételle ao equipo técnico da ADR TERRAS DO DEZA emitir o ICE, que reflectirá o resultado da avaliación e baremación do proxecto, ao abeiro do programa de desenvolvemento rural, deste réxime de axudas e da normativa que resulte de aplicación.

2. A ADR TERRAS DO DEZA remitirá a Agader o ICE acompañado de todos os documentos orixinais que integran o expediente. De non constar en poder da ADR TERRAS DO DEZA documentos orixinais, remitiranse copias debidamente cotexadas.

3. No caso de renuncia ou desistencia expresa do promotor non será necesario emitir ICE. O equipo xestor da ADR TERRAS DO DEZA remitirá a Agader o documento presentado polo promotor e o resto da documentación que forme parte do expediente para proceder á resolución e arquivamento do expediente.

4. O prazo para a emisión do ICE será dun mes contado desde a data en que o expediente estea completo, nos termos previstos anteriormente.

Artigo 12. VERIFICACIÓN DO ICE

1. Compételle a Agader realizar a verificación do ICE, ao abeiro do PDR, do programa de desenvolvemento rural que aplica a ADR TERRAS DO DEZA, deste réxime de axudas, da normativa reguladora do Feader, da normativa sectorial que resulte de aplicación ao proxecto, e dos principios de complementariedade e coherencia coas políticas que se aplican na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. No suposto de carencias ou defectos na documentación que integra o expediente, Agader solicitará da ADR TERRAS DO DEZA documentación complementaria.

3. Neste momento procedemental, e de acordo co disposto no artigo 29 de Lei 9/2007, do 13 de xuño de 2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 24.2 do Regulamento (UE) nº

65/2001 da Comisión, do 27 de xaneiro de 2011, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, Agader poderá efectuar comprobacións sobre a moderación dos custos propostos, e no caso de detectarse diferenzas substanciais respecto do valor de mercado, efectuarase a redución correspondente no orzamento.

4. A verificación do ICE terá o carácter de informe preceptivo e determinante para os efectos do establecido no artigo 83.3 da Lei 30/1992. Non poderá aprobarse ningún proxecto que non conte coa verificación administrativa da elixibilidade favorable.

Artigo 13. SELECCIÓN E PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

A xunta directiva da ADR TERRAS DO DEZA, no prazo máximo de 45 días naturais contado desde a recepción da verificación do ICE, efectuará a proposta de resolución, de xeito motivado, que incluirá a anualización da axuda.

En todo caso, a selección e proposta de resolución por parte da xunta directiva está condicionada á existencia de fondos nas anualidades correspondentes.

Artigo 14. RESOLUCIÓN

1. O director xeral de Agader resolverá sobre a concesión ou denegación da axuda, nos termos contidos na proposta de resolución efectuada pola xunta directiva da ADR TERRAS DO DEZA, no prazo máximo de 45 días contado desde a data de rexistro en Agader da proposta efectuada pola xunta directiva, sempre condicionado á existencia de dispoñibilidades financeiras.

2. Nos casos en que se constaten erros ou defectos de legalidade na proposta de resolución, Agader devolverá o expediente a ADR TERRAS DO DEZA para os efectos de adecuar a proposta de resolución á legalidade vixente ou, de ser o caso, corrixir os erros detectados, no prazo máximo de 45 días naturais. No caso de persistiren os erros ou os defectos observados, o director xeral de Agader resolverá o expediente no sentido da verificación do ICE.

3. A resolución de concesión expresará:

a) A identificación do proxecto para o cal se concede a axuda.

b) O orzamento aceptado, desagregado por partidas.

c) A porcentaxe e o importe de axuda pública, desagregados por fontes financeiras.

d) Prazo máximo de execución e xustificación dos gastos e investimentos, que non excederá dos 18 meses.

e) A posibilidade de concesión de prórrogas.

f) As condicións específicas de execución e xustificación.

g) A compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

h) Prazos e modos de xustificación da subvención, posibilidade de pagamentos anticipados, pagamentos parciais, así como o réxime de garantías.

i) Compromisos asumidos polo beneficiario.

j) Réxime de recursos.

4. A resolución de denegación expresará:

a) A identificación do proxecto para o cal se denega a axuda.

b) Causas de denegación e motivación.

c) Réxime de recursos.

5. A resolución notificarase ao interesado no prazo máximo de 5 días contado desde a data en que esta foi ditada, mediante carta certificada con comprobante de recepción. Así mesmo, notificarase ao ADR TERRAS DO DEZA.

6. No prazo dos 15 días seguintes ao da recepción da notificación da resolución de concesión, o beneficiario deberá aceptala expresamente (utilizando o modelo normalizado de aceptación da axuda) e remitir a citada aceptación ao ADR TERRAS DO DEZA e a Agader.

7. Se no prazo sinalado non se recibe no ADR TERRAS DO DEZA e en Agader a aceptación expresa, arquivarase o expediente, e ditarase resolución para o efecto.

8. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de 9 meses, contado desde a data da presentación da solicitude de axuda no rexistro do ADR TERRAS DO DEZA. O promotor poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo transcorrido o dito prazo sen que se notificase a resolución expresa.

Artigo 15. DESISTENCIA E RENUNCIA

1. En calquera momento da tramitación do expediente, o solicitante poderá desistir da súa solicitude de axuda, de forma expresa, mediante a presentación do documento normalizado, que será facilitado pola ADR TERRAS DO DEZA.

2. A desistencia dá lugar ao arquivamento do expediente, nos termos establecidos na resolución que para o efecto dite o director xeral de Agader.

3. Nos mesmos termos, dá lugar ao arquivamento do expediente:

– A falta de presentación en prazo da documentación requirida ao promotor na fase de instrución do procedemento.

– A falta de aceptación en prazo da subvención concedida e notificada ao promotor.

– A renuncia do promotor á subvención concedida. A renuncia farase constar no documento normalizado que para o efecto será facilitado pola ADR TERRAS DO DEZA.

4. En todo caso, cando o promotor non poida executar o seu proxecto, deberá presentar a renuncia á subvención concedida. A falta de renuncia nestas circunstancias constituirá causa

para iniciar expediente sancionador ademais de, se é o caso, iniciar o procedemento de reintegro respecto das cantidades percibidas ata ese momento en concepto de subvención.

5. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Artigo 16. MODIFICACIÓN POR CAMBIOS DE TITULARIDADE

1. Poderá subrogarse no lugar do beneficiario outra persoa que cumpra todos os requisitos para ser beneficiario e acepte os compromisos contraídos polo primeiro.

2. A tramitación da subrogación require:

a) Verificación da idoneidade do novo promotor.

b) Sinatura do documento de subrogación polo titular do expediente e polo solicitante da subrogación (documento normalizado).

c) Rebaremación do proxecto en atención ás circunstancias persoais do novo promotor, que poden supoñer unha redución, nunca incremento, da porcentaxe de axuda pública respecto do expediente orixinal.

d) Resolución de concesión de subrogación, asinada polo director xeral de Agader.

Artigo 17. MODIFICACIÓN POR CAMBIOS NO PROXECTO, NO ORZAMENTO OU NO FINANCIAMENTO

1. Toda alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión da subvención, en particular, modificacións que afecten o proxecto, variacións no orzamento aprobado na resolución de concesión e, en todo caso, a obtención concorrente doutras axudas outorgadas polas diferentes administracións públicas ou entes de natureza privada pode dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. A modificación da resolución de concesión polas citadas causas tramitarase de oficio por Agader ou por instancia da ADR TERRAS DO DEZA ou do beneficiario (documento normalizado).

3. Poderán autorizarse as citadas modificacións sempre que:

a) Non se desvirtúe a finalidade da axuda.

b) Non supoña un incremento do orzamento ou da porcentaxe de axuda.

c) Que os novos elementos que motivan a modificación, de concorrer no momento inicial da concesión, non supuxeran a denegación da axuda.

d) Non se superen os límites máximos de axuda pública, pola concorrencia doutras axudas públicas outorgadas para o mesmo proxecto.

Artigo 18. MODIFICACIÓN POR AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN

1. Cando o beneficiario non poida finalizar os investimentos ou cumprir os compromisos nos prazos determinados na resolución de concesión, poderá solicitar a Agader, a través da ADR TERRAS DO DEZA (documento normalizado), unha prórroga antes do remate do prazo de xustificación, coa indicación dos motivos que a xustifican e o período de prórroga que se solicita. A prórroga non poderá ser superior á metade do prazo concedido inicialmente.

2. En supostos excepcionais, cando o promotor non poida executar ou xustificar o proxecto no prazo prorrogado por causas alleas á súa vontade, Agader poderá conceder unha prórroga extraordinaria, logo de solicitude do interesado en que consten as causas que a determinan e o prazo que se solicita.

Os documentos normalizados referidos neste punto estarán a dispor dos interesados na sede da ADR TERRAS DO DEZA.

Artigo 19. MODIFICACIÓN POR CAMBIOS NA DISTRIBUCIÓN DAS ANUALIDADES DA RESOLUCIÓN INICIAL

1. Cando por algún dos motivos recollidos nos artigos 17 e 18 ou por calquera outra causa, os cambios habidos no expediente supoñan unha modificación da distribución por anualidades recollida na resolución inicial, a ADR TERRAS DO DEZA deberá propoñer a dita modificación.

2. A modificación quedará supeditada á existencia de dispoñibilidades orzamentarias nas anualidades correspondentes.

6. PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

Artigo 20. FINANCIAMENTO DOS PROXECTOS

En calquera caso, **o financiamento dos proxectos rematará por esgotamento do crédito existente ou por acadar as datas finais do programa** sen seren emitidas resolucións de concesión de axudas.

Cando se prevexa a posibilidade de efectuar pagamentos á conta na resolución de concesión da axuda sinalarase a distribución plurianual da axuda atendendo ao ritmo de execución da acción subvencionada.

Artigo 21. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

1. Son obrigas do beneficiario as previstas con carácter xeral no artigo 11 da LSG e **as que se establezan especificamente na resolución de concesión**. Entre outras, os beneficiarios asumirán as seguintes obrigas:

a**) Executar o proxecto ou realizar a actividade, e xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións que fundamentaron a concesión da axuda**.

b) **Respectar o destino do investimento e manter os empregos consolidados durante os 5 anos posteriores á resolución de pagamento final,** salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso en que se aplicarán estes. Para efectos de mantemento de emprego considéranse empregos consolidados os resultantes da análise e valoración da vida laboral, presentada polo promotor, referentes aos últimos doce meses contados desde a data de solicitude de axuda.

Naqueles proxectos que creen 5 ou máis empregos, un terzo destes deberán estar cubertos no momento da solicitude do pagamento final do expediente, admitíndose, respecto dos restantes, que se creen no prazo máximo de 6 meses contados desde a data do pagamento final.

Cada un dos empregos creados deberá manterse durante o período de 5 anos contados desde a súa ocupación.

c) **Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos**, polo menos, durante o período de permanencia dos investimentos.

d) **Someterse ás actuacións de comprobación efectuadas por Agader, pola ADR TERRAS DO DEZA,** así como a calquera outras actuacións de control que poidan realizar os órganos competentes da Administración autonómica, estatal ou comunitaria, achegando canta información lle sexa requirida para os efectos.

e) **Comunicar a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados** que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención, no momento en que se coñezan e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.

f) **Dispor dos libros contables**, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos neste réxime de axudas, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) **Adoptar as medidas de difusión e publicidade**, nos termos que a continuación se especifican, e someterse ao Plan de comunicación do PDR, que estará a dispor dos interesados na páxina web de Agader:

- No suposto de **investimentos en obra civil**, mediante a instalación dunha **placa cos logotipos** das administracións que cofinancian o proxecto e o logotipo de Leader Galicia 2007-2013, segundo o modelo que a ADR TERRAS DO DEZA facilitará aos promotores.

- Cando os **investimentos en obra civil sexan de importe superior a 50.000 €** deberá de colocarse un **panel publicitario**, segundo o modelo que a ADR TERRAS DO DEZA facilitará aos promotores. Este panel manterase visible durante a execución do proxecto e ata a certificación final. **No caso das infraestruturas e investimentos por importe superior a 500.000 € este panel terá carácter permanente**.
- Os gastos derivados da instalación de placas e paneis terán a consideración de custo elixible.
- Se o investimento consiste **en maquinaria ou elementos móbiles**, mediante a colocación dun **adhesivo perdurable cos logotipos das administracións financiadoras** e o logotipo de Leader Galicia 2007-2013.
- Tratándose de **estudos, publicacións e outros materiais gráficos, mediante a inclusión dos logotipos das administracións financiadoras** e o logotipo de Leader Galicia 2007-2013 nas portadas.
- As **publicacións, carteis, audiovisuais e calquera información ofrecida por medios electrónicos** que versen sobre medidas e actividades cofinanciadas por Feader indicarán claramente na páxina de **portada a participación da comunidade** e a contribución do Feader ao financiamento. Os sitios web, ademais, deberán incluír un enlace co sitio web da Comisión dedicado ao Feader.

2. **Os bens subvencionados quedarán afectos á actividade subvencionada un mínimo de cinco anos** desde á resolución de pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso en que se aplicarán estes. No caso de bens inscritibles nun rexistro público deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida; estes datos deberán ser inscritos rexistro público correspondente.

3. No caso de proxectos técnicos, estudos, planos e outros de natureza similar, o beneficiario deberá garantir a súa dispoñibilidade pública durante un período mínimo de 5 anos contados desde a resolución de pagamento final do proxecto.

Artigo 22. RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN

1. O beneficiario das axudas deberá presentar a xustificación documental dos gastos ou investimentos vinculados á actividade subvencionada dentro do prazo máximo previsto na resolución de concesión.

2. Para estes efectos, o beneficiario presentará no rexistro da ADR TERRAS DO DEZA a seguinte documentación:

a) **Solicitude de pagamento**, segundo o modelo normalizado que estará a dispor dos interesados na sede da ADR TERRAS DO DEZA.

b) **Facturas orixinais ou documentos probatorios de valor equivalente**, que serán devoltas ao promotor debidamente seladas indicando que o seu importe foi imputado a un proxecto auxiliado no marco do Leader.

c) **Documentación acreditativa do pagamento** en favor dos acredores:

1º **Como regra xeral**, presentarase o xustificante bancario de pagamento polo beneficiario (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso en conta, certificación bancaria etc) en que conste o número de factura ou concepto obxecto de pagamento, a identificación do beneficiario que paga e do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

2º Se o pagamento se instrumenta mediante efectos mercantís (cheque, obriga de pagamento, letra de cambio etc.) achegarase copia do efecto mercantil, acompañado da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto etc.) en que conste claramente que o dito efecto foi efectivamente cargado na conta do beneficiario dentro do prazo de xustificación.

3º Para os efectos da súa xustificación, as facturas que se paguen de xeito fraccionado deberán incluírse no expediente nunha única solicitude de pagamento.

3. Nos casos en que a ADR TERRAS DO DEZA sexa a pagadora, para gastos de escasa contía que non superen os 300 euros, admitirase como xustificante de pagamento a factura asinada e selada polo provedor en que figure algunha expresión do tipo recibín en metálico, pagado…

4. Xunto coa primeira solicitude de pagamento deberase achegar a documentación acreditativa da titularidade dos terreos ou inmobles sobre os cales se executa o proxecto, ou da dispoñibilidade destes durante o período mínimo equivalente ao que se vai exixir a permanencia do investimento, así como o resto da documentación que especificamente se relacione na resolución de concesión.

5. Para proceder ao pagamento final do expediente, o promotor deberá presentar os permisos, inscricións e/ou licenzas requiridas pola normativa autonómica ou local para o tipo de actividade de que se trate.

6. No caso dunha actuación que requira proxecto técnico visado polo colexio oficial correspondente, o promotor deberá xuntar á primeira xustificación unha copia do resumo do orzamento por capítulos e da súa memoria. Neste suposto, nas xustificacións presentaranse certificacións de obra asinadas por técnico competente.

7. Cando a subvención se conceda para a adquisición de maquinaria e equipamento, no momento da xustificación deberase xuntar unha relación dos equipamentos subvencionados en

que conste marca, modelo e número de serie ou referencia equivalente para a súa identificación.

8. Cando a subvención se conceda para realizar estudos, proxectos técnicos, planos e documentos similares, o promotor entregará un exemplar en soporte informático adecuado para posibilitar a súa difusión. Tamén deben achegarse copias se hai edición de libros, folletos, guías etc.

Se a subvención se concede para seminarios ou actividades semellantes entregarase unha copia dos temas tratados e as conclusións.

9. O beneficiario deberá acreditar, se é o caso, que aplicou á actividade subvencionada os rendementos financeiros xerados polos fondos librados por Agader segundo o disposto no artigo 17.5 da LSG.

10. Os gastos xustificados deberán ter correspondencia clara coas partidas do orzamento aceptadas na resolución de concesión da subvención, e responder de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada.

11. Os gastos que se deben ter en conta para os efectos da xustificación de investimentos serán os efectivamente pagados polos beneficiarios das axudas a favor dos seus provedores antes do remate do prazo de execución e xustificación dos investimentos. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado. No suposto de discrepancias entre Agader e o promotor respecto do valor de mercado dos gastos subvencionables, aplicarase o procedemento previsto no artigo 33 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

12. Sen necesidade de instar procedemento de modificación da subvención nos termos previstos no artigo 17, Agader poderá aceptar variacións nas diversas partidas de gasto aprobadas, coa condición de que o incremento non supere o 20 % en cada capítulo e que no seu conxunto non varíe o importe total do gasto aprobado e non desvirtúe as características do proxecto e condicións que foron tidas en conta para a resolución de concesión. Estas variacións en ningún caso poderán supoñer un incremento dos límites porcentuais previstos neste réxime de axudas para determinadas partidas.

13. Cando non se xustifique a totalidade do investimento ou gasto aprobado na resolución de concesión, o investimento certificarase aplicando ao investimento ou gasto subvencionable xustificado a porcentaxe de subvención inicialmente concedida, sempre e cando se cumprise a finalidade ou obxectivo para o cal se concedeu a axuda.

Artigo 23. RÉXIME DE PAGAMENTO

1. O pagamento efectuarase na conta bancaria designada para tal efecto polo beneficiario.

2. Con carácter previo ao pagamento, deberá acreditarse que o beneficiario está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento débeda de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Poderán concederse pagamentos parciais e anticipos de conformidade co disposto no artigo 31.6 da LSG, na norma regulamentaria que a desenvolva e no artigo 56 do Regulamento (CE)1974/2006, da Comisión, do 15 de decembro.

4. Poderán realizarse pagamentos á conta cando o orzamento aceptado sexa superior a 30.000 €.

O número de pagamentos á conta non poderá ser superior a tres por cada expediente.

Os pagamentos á conta acadarán o 100 % da axuda correspondente ao investimento xustificado.

5. No suposto de que o investimento exixa pagamentos inmediatos, os promotores poderán solicitar un anticipo equivalente, como máximo, á porcentaxe establecida na normativa de aplicación e sen que poida superar a anualidade vixente. En todo caso, o pagamento do anticipo quedará supeditado á constitución da garantía correspondente. Non obstante, no caso das entidades públicas locais, abondará coa garantía escrita da súa autoridade competente, a cal será equivalente ao 110 % do importe anticipado, de maneira que se reflicta o compromiso de aboar o importe cuberto pola garantía no caso de que non se estableza o dereito ao importe anticipado.

Artigo 24. RÉXIME SANCIONADOR

Con carácter xeral, resulta de aplicación o réxime de infraccións e sancións administrativas que regula o título IV da LSG.

Artigo 25. REINTEGRO

1. Procederá o reintegro do importe percibido indebidamente, incrementado, de ser o caso, cos xuros de mora correspondentes, nos casos establecidos no artigo 33.1 da LSG. Os xuros calcularanse en función do tempo transcorrido entre a notificación ao beneficiario da obriga de reembolso e o reembolso efectivo ou a dedución da cantidade que debe reembolsarse (artigo 5.2 do Regulamento (CE) 65/2011, do 27 de xaneiro).

2. O procedemento tramitarase de acordo co establecido nos artigos 38 e seguintes da LSG, e nos termos previstos no artigo 77 do Decreto 11/2009.

3. Non procederá o reembolso da axuda nos seguintes supostos:

a) Longa incapacidade profesional do beneficiario.

b) Falecemento do beneficiario.

c) Expropiación dunha parte importante da explotación, se esta expropiación non era previsible o día en que se concedeu a subvención.

d) Catástrofe natural grave que afecte considerablemente as terras da explotación agraria, destrución accidental dos edificios da explotación agraria ou epizootia masiva.

4. Tendo en conta o artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e este acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade que se debe reintegrar será unha porcentaxe de subvención percibida igual ao do tempo de incumprimento da actividade ou requisito exixido (mantemento do emprego, prestación do servizo, mantemento do ben etc…).

Artigo 26. RÉXIME DE COMPATIBILIDADE E ACUMULACIÓN DE AXUDAS

1. As axudas concedidas no marco do programa Leader serán incompatibles con calquera outra que, para o mesmo proxecto e finalidade, leven cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros...). En particular, de acordo co disposto no artigo 70.7, parágrafo 2, do Regulamento (CE) nº 1698/2005, será incompatible con outras axudas cofinanciadas con Feader, encadradas en calquera dos outros eixos do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013.

2. Coa excepción anterior, as axudas concedidas no marco do programa Leader serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos públicos e privados destinados a financiar o mesmo proxecto, sempre que:

a) O importe acumulado das axudas non exceda o custo da actividade subvencionada.

b) O importe total das axudas públicas non exceda os límites máximos previstos na normativa de axudas de Estado.

Artigo 27. RÉXIME DE RECURSOS

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados en aplicación deste réxime de axudas, esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpor:

– Potestativamente, recurso de reposición ante o director xeral de Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación, se a resolución é expresa. Se non o é, o prazo será de tres meses contados desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

– Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación, se a resolución é expresa. Se non o é, o prazo será de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel en que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Artigo 28. CONSENTIMENTOS E AUTORIZACIÓNS

1. A presentación da solicitude de axuda comporta a autorización do solicitante para obter de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole as ditas certificacións non as pode obter a Agader, poderán serlle requiridas ao solicitante.

2. Segundo o previsto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Agader publicará no DOG as subvencións concedidas. Así mesmo, de conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, Agader publicará na súa páxina web as concesións das axudas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos de carácter persoal e da súa publicación.

3. Ademais, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a solicitude da axuda levará o consentimento para que os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso, sexan incluídos e feitos públicos no citado rexistro, dependente da Consellería de Economía e Facenda.

4. Non obstante, os interesados poderán pedir que non se fagan públicos os seus datos cando podan afectar a honra e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas segundo o establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio.

5. A presentación da solicitude de axuda tamén comportará a autorización do solicitante para que Agader poida consultar os seus datos de identidade e, se é necesario, de residencia no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia, de acordo co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que a desenvolve.

Artigo 29. CONTROIS

1. Efectuaranse controis administrativos respecto de todas as solicitudes de axuda e solicitudes de pagamento, así como controis sobre o terreo e controis a posteriori nos termos previstos no Regulamento (CE) nº 65/2011, da Comisión, do 27 de xaneiro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural, e no Plan galego de controis Feader, que está á disposición dos interesados na páxina web de Agader.

2. Así mesmo, en aplicación do artigo 31 do citado regulamento, cando o importe que derive da solicitude de pagamento presentada polo beneficiario exceda en máis do 3 % ao

importe que se derive do estudo por Agader da admisibilidade dos pagamentos, aplicarase unha redución adicional pola diferenza entre ambos os importes.

Artigo 30. NORMATIVA DE APLICACIÓN

– Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013, aprobado pola Decisión da Comisión C (2008), 703, do 15 de febreiro de 2008 e modificado pola Decisión da Comisión C (2010), do 5 de marzo.

– Regulamento (CE) nº 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader, modificado polos Regulamentos (CE) nº 473/2009, do 25 de maio, e 74/2009, do 19 de xaneiro.

– Regulamento (CE) nº 1944/2006, do Consello, do 19 de decembro de 2006, que modifica o Regulamento (CE) nº 1698/2005.

– Regulamento (CE) nº 1974/2006, da Comisión, do 15 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005, modificado polos regulamentos (CE) nº 1175/2008, do 27 de novembro, 363/2009, do 4 de maio, 482/2009, do 8 de xuño e 108/2010, do 8 de febreiro e 979/2011, do 14 de xullo, da Comisión.

– Regulamento (CE) nº 65/2011, da Comisión, do 27 de xaneiro de 2011, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

– Regulamento (CE) nº 800/2008, da Comisión do 6 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías), publicado no DOUE L 214, do 9 de agosto de 2008.

– Regulamento (CE) nº 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*.

– Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

– Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de la Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

– Decreto 1852/2009, do 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos programas de desenvolvemento rural cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

– Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

7. ACTUACIÓNS ENMARCABLES NA MEDIDA 411.

DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL

Artigo 31. PROXECTOS SUBVENCIONABLES

1. No marco da medida 411 poderán subvencionarse proxectos que, respondendo ao **obxectivo xeral de mellorar a viabilidade dos sectores agrario e forestal**, se enmarquen nalgún dos seguintes ámbitos de actuación:

a) Proxectos de investimento en explotacións agrarias que teñan polo menos 1 UTA, nos seguintes supostos:

- Que impliquen a introdución de novas técnicas de produción que non teñan presenza no sector, a través de proxectos de experimentación susceptibles de difusión posterior.
- Que teñan como obxectivo a recuperación de variedades tradicionais.
- Que estean relacionados co apoio a novas producións non existentes ou testemuñais no territorio da ADR TERRAS DO DEZA.
- Que afecten producións extensivas en áreas ambientalmente sensibles.

b) Proxectos que impliquen a posta en valor económico de superficies de montes veciñais en man común ou de asociacións de propietarios, sempre que sexan actuacións singulares, excluíndo as plantacións ou actuacións forestais regulares e os tratamentos silvícolas asociados a elas.

Non serán subvencionables os proxectos nos cales máis do 50 % do orzamento consistan en tarefas de roza.

c) Proxectos que aumenten o valor engadido dos produtos agrarios e forestais, nos seguintes supostos:

- Os proxectos relacionados coa utilización da madeira como materia prima estarán limitados nesta medida ás operacións anteriores á transformación industrial.
- Os investimentos subvencionados deberán de contribuír, en todo caso, a aumentar o rendemento global da actividade.
- Os investimentos nesta liña serán financiables unicamente nos casos en que non exista outra liña ou medida na cal o proxecto ou actuación poida ser encadrable e sempre que non estea sometido a unha limitación sectorial polo departamento competente.

2. No marco da medida 411, NON SE CONCEDERÁN axudas para:

a) Investimentos dirixidos ao comercio polo miúdo en destino, salvo que a comercialización a realicen as organizacións de produtores ou as súas entidades vinculadas, dos produtos dos seus propios asociados ou doutros produtores non asociados.

b) Investimentos dirixidos á obtención de produtos de imitación do leite.

c) Proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios que dean lugar a un produto non incluído no anexo I do Tratado, que deberán de enmarcarse na medida 413.

d) A concesión da axuda está supeditada a que existan demandas e saídas normais ao mercado para o obxecto do investimento e a que estes respondan a unha necesidade estrutural ou territorial.

3. **EN NINGÚN CASO SE SUBVENCIONARÁN** ao abeiro desta medida:

a) Proxectos de infraestruturas rurais.

b) Operacións que poidan optar a unha axuda no marco das organizacións comúns de mercado.

c) Primas e pagamentos directos, tales como as axudas para a incorporación de mozos á actividade agraria, cesamento da actividade agraria, asesoramento de explotacións agrarias e formación e capacitación agraria.

Artigo 32. BENEFICIARIOS

1. Os **beneficiarios dos proxectos promovidos no marco desta medida** deberán de cumprir os requisitos que con carácter xeral se establecen no artigo 2 deste réxime de axudas. A condición de beneficiario acreditarase coa presentación da documentación que se refire no citado punto das normas xerais.

2. No **sector da transformación e comercialización de produtos agrarios**, cando a transformación e/ou comercialización dea lugar a un p**roduto incluído no anexo I do Tratado, poderán ser beneficiaria**s, ademais das pemes, as empresas intermedias.

3. Teñen a consideración **de empresas intermedias as que empregan a menos de 750 persoas ou teñen un volume de negocios anual inferior a 200** millóns de euros.

4. No **sector da transformación e comercialización de produtos forestais a condición de beneficiario restrínxese ás microempresas**. De acordo co anexo I do Regulamento xeral de exención por categorías, teñen a consideración de microempresas aquelas empresas que ocupan a menos 10 empregados e cun volume de negocios anual ou un balance xeral anual que non supera os 2 millóns de euros.

Artigo 33. FINANCIAMENTO

1. A intensidade de axuda que pode percibir un proxecto no marco da medida 411 de axudas non excederá os seguintes límites porcentuais e cuantitativos:

a) <u>Investimentos no sector agrario</u>:

Regra xeral: 40 % sobre o gasto subvencionable.

No sector da produción agraria, cando o promotor teña a consideración de agricultor mozo, a porcentaxe máxima de axuda poderá aumentar un 10 % adicional. Así mesmo, cando o proxecto se desenvolva dentro das zonas catalogadas como zonas desfavorecidas, de montaña ou Rede Natura 2000, a porcentaxe máxima de axuda poderá aumentar un 10 % adicional.

<u>b) Proxectos que supoñan un aumento do valor económico dos montes</u>

Regra xeral: 50 % sobre o gasto subvencionable.

Se o proxecto se desenvolve dentro das zonas catalogadas como zonas desfavorecidas, de montaña ou rede natura 2000, a porcentaxe máxima de axuda (50 %) poderá aumentar un 10 % adicional.

<u>c) Proxectos que supoñan un aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais:</u>

Cando o promotor teña a consideración de empresa intermedia: **ata o 25 % sobre o gasto subvencionable.**

No resto dos casos (pemes): ata o 50 % sobre o gasto subvencionable.

<u>d) En todos os casos, o importe máximo da axuda será de 250.000 €.</u>

2. As axudas concedidas no marco desta medida ampáranse no Regulamento (CE) nº 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader.

8. ACTUACIÓNS ENMARCABLES NA MEDIDA 412.

MELLORA MEDIAOMBIENTAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

Artigo 34. TIPOLOXÍA DE PROXECTOS

1. No marco da medida 412 poderán subvencionarse **proxectos de investimento de carácter non produtivo que, respondendo ao obxectivo xeral de mellora do ambiente e do contorno rural,** se enmarquen nalgún dos ámbitos de actuación que a continuación se relacionan.

a**) Investimentos non produtivos en explotacións agrarias, cando se trate de actuacións realizadas para a mellora da paisaxe en zonas Natura 2000 ou outras zonas de alto valor natural.**

b) Investimentos non produtivos en espazos forestais, tales como:

- Restauración de ámbitos forestais de alto valor natural e paisaxístico e de conservación da biodiversidade. O valor será acreditado mediante informe emitido polo departamento da Xunta competente na materia.
- Fomento do uso social, educativo e recreativo dos montes.

c) Investimentos non produtivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural no contorno rural. O valor será acreditado mediante informe emitido polo departamento da Xunta competente na materia.

Artigo 35. BENEFICIARIOS

Os beneficiarios dos proxectos promovidos no marco desta medida deberán cumprir os requisitos que con carácter xeral se establecen no artigo 2 deste réxime de axudas. A condición de beneficiario acreditarase coa presentación da documentación que se refire no citado artigo.

Artigo 36. GASTOS SUBVENCIONABLES

1º Ademais dos gastos referidos no artigo 3 deste réxime de axudas, poderanse subvencionar nesta medida os gastos derivados da realización de estudos técnicos vinculados aos investimentos obxecto da axuda (plans de protección de zonas naturais e de interese paisaxístico, recuperación de tradicións culturais, inventarios...).

2º En ningún caso serán subvencionables os gastos de plans de ordenación do monte e deslindamentos.

Artigo 37. FINANCIAMENTO

1. Porcentaxe máximo de axuda pública: ata o 100 %, sen prexuízo dos límites que, de ser o caso, se establezan nos respectivos programas de desenvolvemento rural, sobre a base da tipoloxía de proxectos que se establece na epígrafe VI das bases reguladoras para a selección do programas de desenvolvemento rural e para a selección e recoñecemento dos ADR TERRAS DO DEZA como entidades colaboradoras.

2. Importe máximo de axuda pública: 250.000 €.

9. ACTUACIÓNS ENMARCABLES NA MEDIDA 413.

DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMIA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

Artigo 38. TIPOLOXÍA DE PROXECTOS

1. No marco da medida 413 poderán subvencionarse proxectos que, respondendo ao obxectivo xeral de mellora da calidade de vida en zonas rurais e diversificación da economía rural, se enmarquen nalgún dos seguintes ámbitos de actuación:

a) Diversificación das explotacións agrarias cara a actividades non agrarias. Proxectos que impliquen o inicio ou a mellora dunha actividade produtiva complementaria da propia actividade agraria que se desenvolva na explotación agraria, tales como:

- Transformación e venda de produtos agrarios ou especialidades locais na propia explotación.
- Elaboración e venda de produtos artesanais.
- Agroturismo: acondicionamento e mellora das instalacións da explotación agraria de cara a ofrecer servizos turísticos complementarios ao aloxamento. Os investimentos que impliquen a creación de prazas de aloxamento estarán supeditadas ás limitacións sectoriais recollidas no capítulo IX deste réxime de axudas.
- Servizos educativos, culturais, recreativos, ambientais asociados á valorización de patrimonio natural e/ou cultural ou a ecosistemas agrarios e/ou forestais do territorio.
- Prestación de servizos á poboación.

b) Creación, ampliación e modernización de pemes, en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria.

Para estes efectos, enténdese por modernización a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio fundamental na natureza da produción ou na tecnoloxía correspondente.

c) Fomento de actividades turísticas:

- 1º) Infraestruturas a pequena escala, tales como centros de información turística, coa limitación establecida de un por cada territorio da ADR TERRAS DO DEZA e sempre que non exista previamente unha iniciativa semellante.
- 2º) Rutas de sendeirismo e outras infraestruturas turísticas.
- 3º) Desenvolvemento e/ou a comercialización de novos produtos e servizos turísticos relacionados co turismo rural.

d) Servizos básicos para a economía e a poboación rural:

- Implantación e/ou mellora de servizos, incluídas as actividades culturais e de ocio, para a poboación rural, e as correspondentes infraestruturas a pequena

escala, así como actividades vinculadas á mellora dos sectores produtivos do territorio, de acordo co establecido no PDR de Galicia.

e) Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural:

- 1º) Mantemento, restauración e mellora do patrimonio natural.
- 2º) Desenvolvemento de lugares de alto valor natural.
- 3º) Investimentos relativos á restauración, mellora e posta en valor do patrimonio cultural.
- 4º) A subvencionabilidade do proxecto dependerá de que o departamento da Xunta competente na materia acredite o interese da proposta ou ben estea definido como de interese no plan de mantemento, restauración, mellora ou posta en valor do patrimonio natural ou cultural que a ADR TERRAS DO DEZA pode elaborar e que estea aprobado por Agader.

2. Nos proxectos produtivos de creación, dos ámbitos de actuación

b) Creación, ampliación e modernización de pemes, en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria e

c) Fomento de actividades turísticas, é requisito necesario a xeración de emprego, como mínimo, equivalente a 0,25 empregos anuais. Para estes efectos, enténdese por xeración de emprego a creación de novos postos de traballo, fixos, eventuais, a tempo parcial ou a tempo completo, e independentemente do réxime laboral que os regule. Nos demais proxectos produtivos é requisito necesario o mantemento dos empregos existentes, considerándose empregos que se van consolidar os resultantes da análise e valoración da vida laboral, presentada polo promotor, referentes aos últimos doce meses contados desde a data de solicitude de axuda.

Artigo 39. BENEFICIARIOS

1. Tratándose de proxectos de diversificación das explotacións agrarias cara a actividades non agrarias, os beneficiarios serán exclusivamente os membros dunha unidade familiar ata segundo grao de relación ligada a unha explotación agraria, entendendo como tales as persoas físicas ou xurídicas ou grupo de persoas físicas ou xurídicas, con excepción dos traballadores agrarios. Nos casos en que un membro da unidade familiar da explotación sexa unha persoa xurídica ou un grupo de persoas xurídicas, ese membro debe exercer unha actividade agrícola na explotación no momento en que se presente a solicitude de axuda. Tratándose de persoas físicas, a acreditación do carácter de beneficiario exixe a presentación, xunto co resto da documentación referida no artigo 8.3 deste réxime de axudas, do certificado de

empadroamento municipal, para os efectos de constatar a convivencia do solicitante na explotación agraria.

2. Unicamente poderán ser beneficiarios dos ámbitos de actuación d) Servizos básicos para a economía e a poboación rural e e) Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural, as entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais e comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común.

Artigo 40. GASTOS SUBVENCIONABLES

Ademais dos gastos referidos no artigo 3, poderanse subvencionar gastos derivados da realización de estudos e proxectos técnicos, sempre ligados a investimentos materiais, nos seguintes ámbitos: detección de novas iniciativas empresariais e mercados potenciais; novos circuítos de distribución comercial; deseño, promoción e/ou comercialización de produtos turísticos.

Artigo 41. FINANCIAMENTO

A intensidade de axuda que pode percibir un proxecto no marco da medida 413 non excederá os límites porcentuais e cuantitativos que a continuación se relacionan:

1. Proxectos vinculados á diversificación cara a actividades non agrarias e de creación, ampliación e modernización de pemes:

a) 50 % do gasto subvencionable cando o beneficiario teña a condición de pequena empresa, ou 40 % do gasto subvencionable cando o beneficiario teña a condición de mediana empresa. O beneficiario deberá achegar unha contribución financeira exenta de calquera tipo de apoio público de, polo menos, o 25 % dos custos subvencionables, xa sexa mediante os seus recursos propios ou mediante financiamento externo.

b) Importe máximo de axuda: 250.000 €.

c) Esta axuda ampárase nos artigos 13 e 26 do Regulamento xeral de exención por categorías, segundo a natureza dos gastos.

2. Proxectos vinculados ás epígrafes fomento de actividades turísticas, servizos para a economía e a poboación rural e renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural:

a) Proxectos de natureza produtiva:

1º Porcentaxe máxima de axuda: 50 % sobre o gasto subvencionable.

2º Importe máximo da axuda: 200.000 €.

3º Esta axuda ampárase no Regulamento (CE) nº 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*. De acordo con este regulamento, a axuda total *de minimis* concedida a un beneficiario determinado non será superior a 200.000 € durante un período de tres exercicios fiscais.

b) Proxectos de natureza non produtiva:

1º Porcentaxe máxima de axuda: ata o 100 %, sen prexuízo dos límites que, de ser o caso, se establezan nos respectivos programas de desenvolvemento rural, en función da tipoloxía de proxectos.

2º Importe máximo de axuda: 250.000 €.

3º Para os proxectos non produtivos vinculados a actividades económicas que estean promovidos por titulares distintos das entidades públicas locais, o importe máximo da axuda será de 200.000 €, os cales se ampararán nas axudas *de minimis* do Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006.

Artigo 42. PROXECTOS NON PRODUTIVOS

Para os efectos previstos no artigo 41, terán a consideración de proxectos non produtivos aqueles que cumpran os seguintes requisitos:

1. Que estean promovidos por entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais, CMVMC ou mancomunidades de MVMC.

2. No caso das entidades públicas locais, que non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica por si mesma ou de maneira coadxuvante ou que constituíndo unha actividade económica os ingresos que xeren procedan de taxas. Cando os ingresos procedan de prezos públicos terán a consideración de non produtivos no caso de que o beneficio neto non supere o valor de capitalización do investimento ao xuro legal do diñeiro.

No caso de xestión da actividade económica por medio de concesión, o proxecto terá a consideración de produtivo.

3. No caso de proxectos promovidos por entidades sen ánimo de lucro ou comunidades ou mancomunidades de montes veciñais en man común, serían non produtivos os que non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica por si mesma ou de maneira coadxuvante.

No caso de constituír unha actividade económica, aplicaranse, para a súa consideración como proxectos produtivos ou non produtivos, os mesmos criterios que para as entidades públicas locais en materia de prezos públicos.

4. En todo caso, os proxectos non produtivos deberán ser de interese público, é dicir, deberán ser proxectos que afecten, interesen ou beneficien á poboación en xeral.

10. LIMITACIÓNS SECTORIAIS

Artigo 43. Limitacións sectoriais

